

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio do seu deputado **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso, Ramón Vázquez Díaz** e da deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o sei debate en Comisión**, relativa a instar ao goberno do Estado que suprima os transportes aéreos ou terrestres de deportación forzada de persoas estranxeiras e a que cese a persecución policial a que se ven sometido este colectivo.

Exposición de motivos

No 2015 o goberno español fretou 134 voos de deportacións masivas. A maneira de encher eses voos e, dese xeito, abaratar os custes para a administración é o uso dun amplo dispositivo policial que organiza redadas, onde se persigue e identifica ás persoas en controis que atenden a criterios de carácter racista. Pola rúa, nas estacións de transporte público, incluso nas vivendas, procédese a buscar persoas, veciñas e veciños de nós, para encher voos que son ilegais segundo o artigo 19 da Carta de Dereitos Fundamentais da UE, do cuarto protocolo do Convenio Europeo dos Dereitos Humanos e do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional.

Nas cidades e vilas galegas acontece esta persecución execrable sen que a Xunta de Galicia exprese o seu parecer e amose un criterio que defenda os dereitos humanos, os cales son inherentes a toda persoa con independencia da súa situación administrativa. A violación deses dereitos continúa no proceso que conclúe coa detención e

deportación nun voo que se rexe por un protocolo para repatriacións que vulnera os dereitos humanos.

Aínda resta en vigor a disposición adicional décima da lei orgánica sobre protección da seguridade cidadá, denominación orwelliana que quere facer legal as chamadas devolucións en quente, a maneira de deportar a unha persoa vulnerando todos os tratados internacionais de protección de dereitos das persoas migrantes.

En Galicia vai comezar nestes días e como resposta cívica a semellante barbarie institucional unha campaña na que participan CIES Non e o Foro Galego de Inmigración, que o noso grupo parlamentario apoia e celebra. Porque hai actos na vida social cuxa impunidade nos degrada como colectivo e diante dos cales só hai unha resposta tan digna como difícil. Hai leis que non se poden obedecer sen envilecerse.

A Xunta de Galicia ten que comprometer o seu esforzo para reclamar diante do goberno central que cese esta ignominia en todo o territorio do Estado e non prestar colaboración algunha cunha práctica raiana na barbarie.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que demande do goberno estatal a supresión dos transportes aéreos ou terrestres de deportación forzada de persoas estranxeiras.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que reclame do goberno central que os seus representantes en Galicia cesen todo tipo de persecución policial e que non poñan en marcha os procedementos policiais destinados a cubrir as prazas de ditos voos.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a non colaborar de ningún xeito coas autoridades do Estado en calquer procedemento ou axuda que poida servir para deportar de xeito forzoso a seres humanos.

En Compostela, a 2 de febreiro do 2016.



Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 02/02/2016 12:16:36

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 02/02/2016 12:16:42

Eva Solla Fernández na data 02/02/2016 12:16:46

Anton Sánchez García na data 02/02/2016 12:16:51

Ramón Vázquez Díaz na data 02/02/2016 12:16:52

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 02/02/2016 12:16:54